



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA TRANSPARENCIA

A directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que esta a Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

A finalidade deste convenio consiste na execución do Plan Corresponsables a través de actuacións que permitan a sensibilización do conxunto da sociedade, particularmente dos homes, en materia de corresponsabilidade nas tarefas de coidados co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias. para o desenvolvemento de estudos especializados e cunha perspectiva de xénero sobre o ámbito da conciliación e a corresponsabilidade, incidindo na análise, investigación, debate e dinamización sobre a construción de novas masculinidades e a relación dos homes cos coidados. Con estes estudos poderanse detectar as desigualdades que se producen no reparto dos coidados entre mulleres e homes e realizar actividades de formación e difusión sobre conciliación corresponsable e masculinidades coidadoras, entre a comunidade educativa universitaria. Así o obxectivo a acadar será avanzar na conciliación corresponsable incorporando aos homes e mozos neste ámbito e diminuindo as fendas de xénero que persisten na sociedade.

A Universidade de Vigo (UVigo), comprométese a dar cumprimento o obxecto e finalidade sinalados entendendo como actuacións a desenvolver as seguintes:

- Primeira actuación: Creación de recursos propios en formato físico e dixital, para a sensibilización en materia de masculinidades coidadoras e conciliación corresponsable.

Con esta actuación preténdese a implicación dos homes de todos os sectores da comunidade universitaria para deseñar un recurso que contribúa a acadar unha sociedade máis xusta e a promoción da igualdade dende unha perspectiva de xénero, interseccional e dos dereitos humanos.



- Segunda actuación: Realización de formación sobre conciliación corresponsable e masculinidades coidadoras a desenvolver en colaboración coas outras Universidades públicas galegas coa finalidade de que sexa unha acción de transferencia e divulgación de interese para a sociedade galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A Universidade de Vigo, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, que desfrutan de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

A recentemente aprobada Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario recoñece as Universidades como principais produtoras e difusoras do coñecemento, ó servizo da sociedade inclusiva e diversa comprometida cos dereitos dos colectivos máis vulnerables, compartindo coñecemento e facendo propostas que contribúan á mellora da sociedade. O artigo 18 establece que as Universidades fomentarán a participación da comunidade universitaria en actividades e proxectos relacionados coa promoción, entre outros, dos valores da igualdade e a xustiza social.

Os Estatutos da Universidade de Vigo recollen no seu artigo 3.1.n) que para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade de Vigo poderá establecer relacións académicas, culturais ou científicas con institucións españolas ou estranxeiras e fomentar os correspondentes intercambios.

As Universidades pola súa dimensión, coñecemento e diagnose da realidade social, capacidade investigadora e de ofrecer conclusións que permitan deseñar sistemas integrais de coidado desde unha perspectiva de xénero, é polo que se consideran axeitadas para asinar un Convenio en execución do Plan Corresponsables a través de actuacións que permitan a sensibilización do conxunto da sociedade, particularmente dos homes, en materia de corresponsabilidade nas



tareas de cuidados co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na cláusula segunda; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, no artigo 32 prevé a competencia da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, e as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de igualdade entre mulleres e homes, promover o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes na vida familiar, laboral e persoal, así como desenvolver programas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos. Así mesmo, establecerá relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de interese o fomento das ditas actividades que impulsará coa concesión directa dunha subvención a través deste convenio que efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar unha labor de análise da situación actual coa finalidade de detectar desigualdades que se producen no reparto dos cuidados e unha actividade de divulgación, formación e sensibilización que resulte interesante





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERADICACIÓN DE LA VIOLENCIA
CONTRA LAS MUJERES

para a sociedade galega coa finalidade de impulsar modelos de maculinidades corresponsables e igualitarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

